



# CONCRECIÓN CURRICULAR

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

Segundo o “**Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional” (BOE 17/11/2021) e a “**Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia” (DOG 11/02/2022) cómpre a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes.

Reunido claustro do CPI plurilingüe Virxe do Monte, o 24 de marzo de 2022, acorda establecer as seguintes concrecións curriculares no referido ós criterios de promoción e titulación de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

---

## EDUCACIÓN PRIMARIA

---

### Educación Primaria – Promoción.

1. Ao finalizar cada un dos ciclos (2º, 4º, 6º) o equipo docente de cada grupo adoptará as decisións necesarias sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando en especial consideración a información e o criterio do titor/a do grupo. A promoción no resto de cursos de etapa será automática.
2. Promocionarase ao ciclo seguinte sempre que se considere que o alumno/a acadou o desenvolvemento correspondente das competencias programadas para ese ciclo. Promocionarase, así mesmo, cunha ou dúas áreas con avaliación negativa cando o alumno/a teña adquirido o dominio sobre os contidos mínimos de ditas áreas ou materias, que o equipo docente estime que as aprendizaxes non adquiridas non lle impedirán seguir con aproveitamento o curso seguinte e que dita promoción beneficiará a súa evolución académica. Neste caso, dado que o alumno/a está en condicións de avanzar, sen necesidade de repetir,

aplicaráselle un programa de atención individualizado coas súas correspondentes medidas de reforzo educativo.

3. No caso do alumno/a que conta con avaliación negativa nas materias instrumentais (LC+LG+MATEMÁTICAS) ou en 4 áreas (sexan as que sexan), por non acadar as competencias programadas para ese ciclo, na sesión de avaliación final, o equipo docente estudará por separado cada caso á hora de determinar a non promoción do alumno/a, analizando e valorando a eficacia das medidas de R.E implementadas con anterioridade, xunto coa singularidade de cada alumno/a, e atendendo á natureza e gravidade das dificultades de aprendizaxe detectadas, así como outras situacións particulares como enfermidade grave, hospitalización ou unha problemática familiar considerable, para poder determinar se estas lle impedirán verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como analizar se existen expectativas favorables de recuperación. (VER ANEXO I).

Esta decisión só se poderá adoptar unha soa vez ao longo da educación primaria, preferentemente nos cursos inferiores, e irá acompañada de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuír a que o alumno acade as competencias programadas (Plan específico individualizado de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer o desenvolvemento das competencias correspondentes ao ciclo).

Como a decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso só se poderá adoptar unha vez ao longo da Educación Primaria, os alumnos/as que xa repetiron nesta etapa, promocionarán aínda cando non acaden as competencias do ciclo.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado), seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve a atención á diversidade nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O titor/a solicitará da familia do alumno/a a información complementaria que poida serlle de interese para a toma da decisión máis axeitada. Cando a decisión adoptada comporte a non promoción ao curso ou etapa seguinte, deberá informar á familia (deixando constancia por



escrito de que esa información foilles facilitada) comunicándolles as dificultades que presenta o seu fillo/a, a decisión acordada e as medidas complementarias a adoptar.

6. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

### Promoción 6º curso de Educación Primaria

1. Ao finalizar 6º de E. Primaria, o equipo docente adoptará as decisións necesarias sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando en especial consideración a información e o criterio do titor/a do grupo.

2. Os alumnos e alumnas promocionarán á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria ao alcanzar o desenvolvemento correspondente das competencias programadas para o ciclo e estar en condicións de poder afrontar as aprendizaxes da nova etapa educativa. Este desenvolvemento verase reflectido na adquisición dun axeitado grao de madurez competencial que lle permitirá aos alumnos e alumnas poder abordar a etapa da Secundaria con capacidade de aprendizaxe, autonomía e responsabilidade.

3. Promocionarase cun 1 ou 2 áreas con avaliación negativa sempre que o alumno ou alumna acade a adquisición das competencias clave e os obxectivos da etapa, tendo en conta os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia.

4. No caso do alumno/a que conta con avaliación negativa nas materias instrumentais (LC+LG+MATEMÁTICAS) ou en 4 áreas sexan as que sexan, por non acadar as competencias programadas para ese ciclo, na sesión de avaliación final, o equipo docente estudará por separado cada caso á hora de determinar a non promoción do alumno/a, analizando e valorando a eficacia das medidas de R.E implementadas con anterioridade, xunto coa singularidade de cada alumno/a atendendo á natureza e gravidade das dificultades de aprendizaxe detectadas, así como outras situacións particulares como enfermidade grave, hospitalización ou unha problemática familiar considerable, e poder determinar se estas lle

impedirán verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como analizar se existen expectativas favorables de recuperación. (VER ANEXO I)

5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptación e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

## ANEXO

### CASOS DE NON PROMOCIÓN: PROPOSTA

O alumno/a non promocionará ao ciclo/etapa seguinte se conta con avaliación negativa en:

- Matemáticas + L.C+ L.G
- En 4 áreas, sexan estas cales sexan.

O procedemento para a avaliación do alumno ou alumna que se atope nalgunha das situación anteriores será o seguinte: na sesión de avaliación final, o equipo docente estudará cada caso á hora de determinar a non promoción do alumno/a, valorando a eficacia das medidas de R.E implementadas con anterioridade, a singularidade de cada alumno/a, atendendo á natureza e gravidade das dificultades de aprendizaxe detectadas así como outras situacións particulares (enfermidade grave, hospitalización ou unha problemática familiar considerable), para poder determinar se estas lle impedirán verdadeiramente seguir con éxito o ciclo/etapa seguinte, así como analizar se existen expectativas favorables de recuperación.